

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xullo de 2024**

Ás 17.41 horas do día 17 de xullo de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada dona María Teresa Barge Bello, que é substituída por don Manuel Seoane Rodríguez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 17 de xuño de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA ÁS DIFICULTADES QUE SE ATOPAN OS CONCELLOS NA APLICACIÓN DA LEI DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS E DO BENESTAR DOS ANIMAIS.-

D^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

D^a María Mangana Guede, do BNG, indica que os concellos teñen moitos problemas de xestión coas obrigacións impostas, en particular coas colonias felinas. Engade que estudará a moción de cara ao Pleno.

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, indica que é certo que os concellos teñen dificultades para cumprir esta lei, pero que deben implicarse para iso todas as administracións, Estado, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e concellos.

D^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que, en todo caso, o seu grupo está aberto a calquera aportación que queiran facer os grupos e que beneficie aos concellos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a que dote orzamentariamente aos concellos dunha partida para o desenvolvemento e aplicación da Lei de protección dos dereitos e benestar dos animais, en base a criterios obxectivos baseados nun censo sobre os animais domésticos que viven no concello, atendendo ao tipo de especie, ao estado (abandonado, libre, en explotación), idade, etc...

2. Instar ao Goberno de España a modificar a devandita lei para emendar as carencias observadas, atendendo aos criterios dos profesionais sanitarios do sector e das recomendacións feitas pola FEMP.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA MANTER O ACTUAL CANON POR TONELADA DE RESIDUOS XESTIONADA QUE PAGAN OS CONCELLOS A SOGAMA E AVANZAR CARA NOVAS FÓRMULAS DE XESTIÓN DE RESIDUOS MÁIS RESPECTUOSAS DO MEDIO AMBIENTE.-

D^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

O resto dos portavoces manifesta a súa reserva de voto.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4), e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a manter o canon actual que pagan os concellos adscritos a Sogama de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente do IVE, ademais de salvagardar a actual bonificación do 15% deste canon unitario cos mesmos requisitos que rexeron ata o de agora, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente do IVE.

SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia para a implantación de medidas urxentes para avanzar cara unha xestión descentralizada dos residuos con plantas de proximidade, privilexiando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, que son as fórmulas empregadas por Sogama que derivan, en último termo, nas acentuadas subas no pagamento de impostos.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.51 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.